



Vigo, 17 de xuño de 2014

NOTA INFORMATIVA COMEDOR 2014/2015

SELECCIÓN E ADMISIÓN DO ALUMNADO NO COMEDOR 2014-2015

A instrución 2/2014 da Secretaría Xeral técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 5 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2014/2015 recolle entre outras a seguinte información que se lle traslada aos interesados no servizo de comedor:

Apartado 6. Selección e admisión de usuarios.

De existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar revisará e baremará a totalidade das solicitudes de acordo coa orde de preferencia que se recolle neste apartado:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo que fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33% certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao medio día, acreditada documentalmente mediante documento expedido polos respectivos empregadoras/es, xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas, e polas certificacións expedidas polas xefaturas de persoal correspondentes.
6. Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponda.

Os empates en cada apartado resolveranse en función das circunstancias alegadas nos apartados seguintes e, de persistiren, por sorteo.

Apartado 11. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia

O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das zonas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar. Poren, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

O alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.

Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as instalacións sexan axeitadas, as condicións e limitacións dos contratos subscritos o permitan, e, no seu caso, esta cuberta a ratio de colaboradores necesaria, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería poderá autorizar para o curso escolar 2014/2015 a incorporación de alumnado escolarizado fóra da área.

As citadas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifica ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Segue ao dorso

O alumnado que non foi usuario o curso 2013/2014 e ten solicitado o servizo de comedor para o curso 2014/2015 deberá presentar acreditación de domicilio familiar ou laboral e a documentación necesaria que acredite algún dos outros criterios preferentes de admisión do alumnado no servizo de comedor escolar (Apartado 6) antes do día 4 de xullo.

O Consello Escolar elaborará as listas provisionais de admitidos que se exporán no taboleiro de anuncios do centro a partir do xoves 24 de xullo. Desde a data de publicación abrirase un prazo de cinco días para a presentación de alegacións ás mesmas. Unha vez resoltas as reclamacións existentes polo Consello Escolar, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista de admitidos, que volverá a ser exposta no taboleiro de anuncios do centro. Contra a lista definitiva poderá interpoñer un recurso dealzada diante da Xefatura Territorial da Consellería de Educación.

Apartado 1. Ámbito de aplicación

Considerarase como domicilio familiar o habitual de residencia das/os representantes legais do alumnado ou, se e o caso, o das alumnas e alumnos menores de idade que co consentimento dos pais vivan en domicilios distintos dos daqueles.

Cando os representantes legais do alumnado vivan en domicilios diferentes, considerase como domicilio familiar o daquel con quen este conviva.

O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

Con carácter excepcional, poderá considerarse como domicilio familiar o de outras/os familiares cos que efectivamente conviva a alumna ou alumno, sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación expedida para tal efecto polo concello, a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.

No caso das/dos menores en situación de acollemento para acreditar o domicilio habitual do menor, as familias de acollida presentarán fotocopia da resolución ditada pola correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar expedida para o efecto.

O domicilio do lugar de traballo de calquera das/dos nais/pais ou titores legais acreditarase do seguinte modo:

- a) No caso das persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega do documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or, xunto cunha copia do contrato de traballo, así como copia dos documentos TC1 e TC2 correspondentes .
- b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e as altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas.
- c) No caso do persoal ao servizo das administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

Apartado 7.1 Procedemento de autodeclaración das tarifas pola utilización do comedor escolar.

Todas as familias dos usuarios do comedor do CEP Dr. Fleming no curso 2013/2014, que teñan solicitado o servizo de comedor para o curso 2014/2015, deberán cumprimentar, en todos os seus extremos, o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos que se achega con esta circular e entregalo na Secretaría do centro antes do 4 de xullo.

As familias do alumado que non foi usuario do servizo de comedor do CEP Dr. Fleming no curso 2013/2014 deberán entregar na Secretaría do centro o modelo-impreso de autodeclaración antes do 10 de setembro no caso de resultar admitido no listado definitivo de comedor para o curso 2014/2015

Mediante dito modelo os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou acollemento familiar de ditos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal de 2013 e, conseguintemente, determinarán a contía da tarifa que lles corresponde abonar.

Non terán que declarar a renda per cápita os usuarios gratuítos que se atopen nas seguintes condicións debidamente xustificadas:

- Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Alumnado que se atope en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Alumnado cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Alumnado pertencente a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.